

## **TÍCKET ELÉCTRICO SOCIAL DE GALICIA**

**Obxecto:** Convocatoria de axudas para a concesión do ticket eléctrico social para o segundo semestre de 2014 e primeiro semestre de 2015 para familias en que convivan fillos menores de 18 anos e nas cales a suma dos ingresos totais da unidade de convivencia non superen 1,5 o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM): 9.585,19 € / ano

### **Contía da Axuda:**

\* 90 € ao semestre.

\* 150 € ao semestre para familias numerosas.

### **Requisitos:**

1. Ser residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Ter fillos menores a cargo.
3. Estar aboando a correspondente factura de enerxía eléctrica a unha comercializadora.
4. Non superar os límites de renda : 9.585,19 € /ano
5. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 do xuño, de subvencións.
6. Só poderá presentarse unha única solicitude por unidade de convivencia

### **Documentación:**

1) No caso de non autorizar a consulta de datos por parte da Xunta de Galicia no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co disposto no artigo 2 do Decreto 255/2008, copia dixitalizada do documento de identidade en vigor da persoa solicitante, e do resto das persoas integrantes



da unidade de convivencia, no caso de non autorizar a consulta a través do anexo III.

2) Declaración do IRPF ou, se é o caso, certificado emitido pola Axencia Tributaria relativos ao ano 2013 de todos os membros con ingresos que compoñen a unidade de convivencia, ou autorización á Consellería de Economía e Industria para obter da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e da Consellería de Facenda os datos de carácter tributario necesarios para a determinación da renda da unidade de convivencia (anexo III). No caso de falta de acreditación documental suficiente, poderase presentar informe social de valoración de ingresos da unidade de convivencia, emitido polos servizos sociais do concello correspondente ou por traballador social das entidades de iniciativa social previstas na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que presten labor asistencial ao solicitante, segundo o modelo do anexo V.


3) De ser o caso, autorización aos funcionarios correspondentes para a presentación electrónica da solicitude e da documentación relativa ao ticket eléctrico social de Galicia (anexo IV).

4) Copia dixitalizada do libro de familia ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a súa situación familiar.

5) Facturas do correspondente semestre en concepto de subministración eléctrica da vivenda que é residencia habitual do solicitante da axuda e xustificantes de pagamento.

6) Copia do título de familia numerosa no caso en que o dito título non fose expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia, ou no caso en que si fose expedido pola Xunta de Galicia e o solicitante non autorice a súa consulta.





Lalín Muncero

Servizos Sociais



Concello de Lalín

### **Prazo de Presentación :**

Para as axudas ao pagamento das facturas eléctricas do segundo semestre de 2014: **ata o 30 de abril de 2015.**

Para as axudas ao primeiro semestre do 2015 o prazo de presentación comezará **o 1 de xullo de 2015 e rematará o 15 de setembro de 2015.**

### **Lugar de Presentación :**

Concellería de Benestar e Emigración, previa cita chamando ao teléfono 986780014 ou persoalmente nas oficinas da concellería sitas en Praza de Galicia, 1 – Lalín.

